



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE VILABOA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “AMPLIACIÓN E MELLORA DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO EN SANTRADÁN-SAN ADRIÁN DE COBRES 2015” NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO DE SAN ADRIÁN DE COBRES.

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria do convenio asinado co Concello de Vilaboa arriba referenciado, por un período vixencia ilimitado respecto das obrigas uso, conservación e mantemento reguladas no dito convenio. O instrumento convencional ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

O Concello de Vilaboa para dar cumprimento ás súas funcións de mellora, conservación e mantemento do saneamento, está interesado na mellora e ampliación da rede de saneamento municipal coa execución do proxecto “AMPLIACIÓN E MELLORA DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO EN SANTRADÁN-SAN ADRIÁN DE COBRES 2015”.

Así mesmo, Portos de Galicia ten como obxectivos básicos a construción, conservación, mellora, ordenación, xestión e explotación das instalacións, servizos e actividades portuarias que ten adscritas. Co este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Esta actuación suporá un efecto positivo tanto para a vila, coma tamén para o porto. Polo que esta infraestrutura ofrece un servizo engadido aos usuarios e para o medio ambiente ao ser unha actuación de carácter sostible, e resulta beneficioso para a explotación portuaria das instalacións de San Adrián de Cobres.

Xa que logo, as Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución, mantemento, limpeza e mellora das actuacións descritas e que discorren polo dominio público portuario.

2. Obxectivos

A finalidade común do convenio asinado consistía en regular a colaboración entre o Concello de Vilaboa e Portos de Galicia no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario en canto á execución das obras definidas no proxecto co título “AMPLIACIÓN E MELLORA DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO EN SANTRADÁN-SAN ADRIÁN DE COBRES 2015”; facéndose cargo o Concello da licitación, contratación, execución e custo das obras do referido proxecto e da conservación, mellora, mantemento e explotación das obras.

Así mesmo, o Concello de Vilaboa asumía o custo da conservación, mantemento, limpeza e, no seu caso, mellora destas obras no dominio público portuario do porto de San Adrián de Cobres.





Polo proxecto expresado, o Concello de Vilaboa, no que respecta á rede de saneamento proposta, resolve unicamente a mellora e saneamento de edificacións limítrofes sitas fóra do dominio público portuario, e a petición de Portos de Galicia, baixo criterios de economía e medio ambientais, deberá incluírse como parte do proxecto municipal, se é o caso, a canalización conducente á evacuación das augas residuais producidas por tódalas construcións existentes no solo portuario de San Adrián de Cobres, co que se completaría esta actuación de saneamento.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de San Adrián de Cobres.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O convenio asinado non supuxo achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, esto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o convenio asinado, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

O DIRECTOR,

-José Ignacio Villar García-

